

OS TOXOS GALEGOS

por Henrique Niño Ricoi

Baixo a denominación *toxo* coñécense aquelas plantas do xénero botánico *Ulex* que definen ás formacións vexetais comunmente chamadas *toxeiras* que, xunto a *xesteiras*, *queirugais* e *uceiras*, conforman a paisaxe galega por antonomasia. Todas estas formacións están moi adaptadas ó clima oceánico e ós solos pobres en nutrientes tan característicos de Galicia.

Raramente tamén se chama **toxo** a algunha especie do xénero *Genista* (por exemplo *Genista anglica* = **toxo bravo**), facilmente distinguibles dos auténticos **toxos** por ter follas verdadeiras cando adultas, cousa que, como se verá máis adiante, non ocorre no xénero do que se ocupa este traballo.

O nome latino *Ulex* procede do grego *Ulé* = maleza, broza ou do latino *Uligo* = pantano, marisma en alusión ós seus hábitats máis característicos.

O xénero *Ulex* pertence á familia das LEGUMINOSAS ou PAPILONÁCEAS e as especies que o comprenden caracterízanse principalmente por ser arbustos sempre verdes, formados exclusivamente por espiñas, se ben despois da xerminación, as primeiras follas que aparecen teñen o limbo plano con tres folíolos (coma o trevo), mais nas follas seguintes o limbo aborta, transformándose os pecíolos en espiñas simples e afiadas.

As flores deste xénero teñen a corola tipicamente papilionácea, de cor amarela e o cáliz, tamén amarelo, cos sépalos reunidos entre eles de maneira que non forman en aparencia máis que dous lóbulos ou labios, o superior con dous dentes e o inferior con tres. Baixo este dispóñense dúas pequenas brácteas (bractéolas) que xunto ó cáliz son moi útiles para determinar as distintas especies do xénero.

Dentro da corola atópanse os estames (10) que están soldados entre si polos filamentos.

O froito é un legume máis ou menos inchado que iguala ou case non supera ó cáliz.

En Galicia pódense atopar ata seis toxos diferentes comprendidos en catro especies, dúas delas con dúas subespecies cada unha. Estes son:

Ulex europaeus L. subsp. *europaeus*

Ulex europaeus L. subsp. *latebracteatus* (Mariz) Rothm.

Ulex gallii Planchon

Ulex micranthus Lange

Ulex minor Roth subsp. *minor*

Ulex minor Roth subsp. *breoganii* Castroviejo e Valdés-Bermejo

Para distinguirmos uns doutros, podemos recorrer a esta pequena chave

*Bractéolas de máis de 2 mm. de ancho. Cáliz con pelos dispersos

=Bractéolas ovadas de 2-4 mm.....

Ulex europaeus subsp. *europaeus*

=Bractéolas arredondadas de 4-7 mm.....

Ulex europaeus subsp. *latebracteatus*

*Bractéolas de menos de 2 mm. de ancho. Cáliz con pelos esmagados ou sen pelos

=Cáliz de menos de 6,5 mm.....

Ulex micranthus

= Cáliz de 7-11 mm. Corola superando ó cáliz en menos de 2 mm.

• Cáliz de 7-9 mm.....

Ulex minor subsp. *minor*

• Cáliz de 9-11 mm.....

Ulex minor subsp. *breoganii*

= Cáliz de 11-14 mm. Corola superando ó cáliz en máis de 2 mm.....

Ulex gallii

Ulex europaeus L.

Toxo, toxo arnal

Arbusto que pode chegar ata os 2,5 m. de altura, erecto, verde cincento, todo cuberto de espiñas, formando unha mata robusta e densa, verde todo o ano. A medida que medra vai perdendo as ramas da parte inferior quedando o tronco nu. Espiñas de 15-30 mm. asucadas, robustas e dereitas.

Flores con cáliz de 12-20 mm. de pelos patentes e corola amarela viva de 15-30 mm. Bractéolas de 2-4 mm. e forma ovada na subespecie europaeus ou máis anchas (4-7 mm., de aí seu nome) e arredondadas na subespecie latebracteatus.

Legume oval, mouro, moi piloso, de 11-20 mm. que conserva restos da corola seca.

Esta especie florece en primavera e verán, inda que tamén pode facelo no outono, atopándose por toda Galicia.



ULEX EUROPAEUS L.

Ulex minor Roth

Ulex nanus T.F.Foster ex Symons

Toxo gateño, toxo molar


Arbusto espiñento de ata 1 m. de altura, dun verde brillante, con moitos caules, a miúdo tombados.

Espiñas de 8-15 mm. lisas, febles e delgadas.

Flores con cáliz de 7-11 mm., pubescente con pelos aplicados e corola de 8-12 mm. amarela pálida a miúdo estriada de vermello. Bractéolas de 0,5 mm. de ancho.

Legume oval-romboidal, mouro, de non máis de 8 mm., piloso.

Florece de xuño a novembro, atopándose a subespecie minor no sur de Galicia e a subespecie breoganii (dedicada ó caudillo celta Breogán) por todo o territorio galego excepto no norte.



ULEX MINOR ROTH

Ulex gallii Planchon (dedicada ó botánico Le Gall)

Ulex opistholepis Webb.

Toxo femia

Arbusto espiñento moi semellante ó toxo gateño, verde case que glauco, con ramas inclinadas e a miúdo curvadas cara abaixo con espiñas lixeiramente asucadas e fortes.

Flores con cáliz de 11-14 mm., pubescente con pelos aplicados e corola de cor amarela-laranxa de 13-17 mm. Bractéolas de 0,75 mm.

Legume oblongo, mouro e piloso de non máis de 5 mm.

Florece en agosto e setembro, podéndose atopar no norte de Galicia.

Ulex micranthus Lange (do grego mikrós = pequeno e anthos = flor)

Ulex lusitanicus Mariz

Toxo portugués

Arbusto espiñento que non pasa dos 0,8 m. (é o máis pequeno dos nosos toxos) con ramas arqueadas e espiñas de 7-12 mm. grosas e fortes.

Flores con cáliz pubescente de 5-6,5 mm. e corola amarela de 6,5-9 mm.

Legume oval-romboidal primeiro pilosa, despois glabro de non máis de 4 mm.

Florece de marzo a agosto atopándose no sur de Galicia.



ULEX GALLII PLANCHON

PEQUENO GLOSARIO BOTÁNICO

aplicado: arrimado, que se aproxima ó órgano que o sustenta ata xuntarse con el.

arbusto: vexetal leñoso de non máis de 5 m. sen un tronco preponderante, polo que se ramifica desde a base.

bráctea: folla transformada, situada nas proximidades da flor de forma, cor, tamaño e consistencia variables.

bractéola: pequena bráctea

corola papilionácea: corola formada por cinco pétalos: un grande e superior (estandarte), dous laterais (asas) e dous inferiores máis ou menos soldados entre si que forman a quilla.

endemismo: propio exclusivamente de determinado país, rexión, etc.

erecto: dise do caule que desde o comenzo do seu desenvolvemento está en posición vertical ou próxima a ela.

folíolo: cada unha das partes nas que se divide unha folla composta.

glauco: verde-mar, de cor verde clara con matiz lixeiramente azulado.

glabra: desprovista de pelos.

hábitat: lugar onde vive unha especie ou comunidade, neste caso é máis preciso falar de biótopo.

legume: froito seco que se abre por dúas suturas (ventral e dorsal). Sinónimo de **vaíña**.

limbo: lámina da folla.

lóbulos: división dun órgano, principalmente follas, cálices ou corolas.

oblongo: máis longo que ancho, coas beiras converxentes.

ovado: en forma de ovo coa parte máis ancha no ápice.

oval: en forma de óvalo. Sinónimo de **ovalado**. Non confundir con ovado.

patente: aberto, estendido, que forma un ángulo moi aberto co órgano que o sustenta.

peciolo: rabo que une a base da folla ó caule.

pubescente: cuberto de pelos finos e suaves ó tacto.

BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

BONNIER, Gaston

Flore complète illustrée en couleurs de France, Suisse et Belgique.

PARIS

FONT QUER, Pío

Diccionario de botánica

Ed. Labor. BARCELONA 1.985

GARCÍA, Xosé Ramón

Guía das plantas con flores de Galicia

Ed. Galaxia. VIGO. 1.991

KREBLE MARTIN, W.


The new concise british flora

Mermaid Books. LONDON 1.986

MERINO, Baltasar

Flora descriptiva e ilustrada de Galicia

SANTIAGO 1905



SUB
BELLAS
FARTO

San Miguel, 3 - COMPOSTELA



O CURRUNCHO

Chocolates e cafés especiais
Entremuros, 12
COMPOSTELA



L'OMO... a rua..
Cafe-Bar

Virgen de la Cerca nº 23
56 55 80 Compostela
Abierta de 20'30 a 2'30